

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 2 DE MAIO DO 2006.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de maio de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 25 de Abril do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

Visto o escrito de Don José Maria González Rodríguez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 3, 2º, no que interesa se lle xire o recibo correspondente a unha sepultura terrena sita no terceiro socialco marxen dereito do cemiterio municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó pero recordándolle que tal acordo non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión.

Visto o escrito de Dona Eulalia Irene González González, con domicilio nas Travesas nº8, Francelos, no que interesa se lle xire o recibo correspondente a unha sepultura terrena sita no terceiro socialco marxen dereito do cemiterio municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó pero recordándolle que tal acordo non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión.

Visto o escrito de Don Secundino Rivera Dabarca, veciño desta Vila, con domicilio en Portalaxe, Francelos, no que interesa se lle xire o recibo correspondente a unha sepultura terrena sita no segundo socialco do cemiterio municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó pero recordándolle que tal acordo non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

“Sentencia do Xulgado de Menores de Ourense relativa o expte. Núm.. 51/2005 por dúas faltas de danos”.

“Sentencia do Xulgado de Menores de Ourense relativa o expte. Núm.. 88/2005 por delito continuado de danos”.

“Escrito do Posta da Garda civil de Ribadavia, remitindo tablas estadísticas de infraccións penais ocorridas na demarcación do Concello de Ribadavia durante o mes de febreiro 2006”.

“Da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, escrito dando conta das diversas titulación de grao medio e superior”.

“Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo e o Concello de Ribadavia para a realización de prácticas preprofesionais”.

“Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 27 de abril de 2006, relativa a área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia 6ª Fase (Ourense) na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan de vivenda 2005-2008”.

“Da Excm. Deputación Provincial de Ourense, comunicando que o vindeiro 14 de agosto celébranse en Ribadavia a actuación da XXIII Edición das Xornadas de Folclore.”

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **CONVENIO MANCOMUNIDADE I.V. RIBEIRO E O CONCELLO DE RIBADAVIA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación o Convenio asinado entre a Mancomunidade I. V. Do Ribeiro e o Concello de Ribadavia en materia de residuos sólidos urbans e punto limpo.

##### **AUTOLIQUIDACIONS FEIRA DO VIÑO 2006.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as autoliquidacións da taxa por ocupación de terreos públicos con postos, barracas, espectáculos, etc, con motivo da Feira do Viño do Ribeiro 2006, por importe de 2.320 euros.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.